

Cristobal Colón

Descubrimiento de América



ORIXE

- Un estudo do profesor Martinho Montero Santalha, da Universidade de Vigo, insiste en que os lusismos que se achan no Diario e noutros textos de Cristovo Colón coinciden co galego da época. Son, afirma, un dos elementos de interese para defender a orixe pontevedresa do ilustre mariño, unha tese que ten un fundamento razoable. Nos escritos de Colón encóntrase léxico como *crime*, *curral*, *con* (=penedo), *custa*, *logo*, *noite*, *povo*, *perigo*, *deter*, *sede*, *pardela* (ave), *fisga*, *fame*, *espeto*, *corda*, *força*, *forno...* e outras, comúns ao idioma autóctono da Galiza e de Portugal naquel tempo. O mesmo ocorre coas terminacións en «m» (como um, bem, bom ou tam); o uso de esses en lugar de esos; ou o xénero masculino propio do galego-portugués en palabras que en castelán son femininas, como *el nariz* o *el señal*. Son só algúns exemplos. Incluso formas verbais como *disse* usábanse daquela en galego. Montero Santalha alude ao verbo dicir porque foi un dos que utilizou Menéndez Pidal para rexeitar que o léxico fose galego -argumentou que tería que ser *dixo* - e sinalar que eses lusismos eran propios do portugués e se debían ao período que Colón residira en Lisboa.

BIOGRAFÍA

- Naceu posiblemente en Xénova, aínda que non hai certeza absoluta sobre o seu lugar de nacemento e teorías hai que o fan nacer en Pontevedra, Barcelona, Chios ou Portugal. De moi novo viaxou polo Mediterráneo Occidental e permaneceu algún tempo en Savona. A chegada de Colón a Portugal débese a que era o representante dos Centurione, que tiñan negocios cos países atlánticos. Viviu moito tempo na Madeira, e entrou nunha familia de mariñeiros polo seu casoiro con Filipa Moniz, filla de Bartolomeu Perestrelo. É durante a súa estadía en Portugal cando se corresponde con Paolo del Pozzo Toscanelli, e pénsase que o relato das viaxes do seu sogro influenciouno na idea de acadar a terra das especias navegando cara Occidente. Mudouse para España en 1486, voltando a Portugal dous anos despois. Colón procurou que os Reis Católicos aprobasen o proxecto da súa viaxe, o que conseguiu a través do confesor da raíña. Asinou o contrato e foi nomeado almirante dos mares e gobernador e vicerrei das terras a descubrir

